



**Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Integrados de Formación Profesional**

## Modelo MD81PLA15

# Programación de coordinación

**Coordinación: Innovación e Formación do Profesorado**

**Responsable: María Jesús Fernández González**

**CIFP:A XUNQUEIRA**

**Curso: 2023 - 2024**

**Data: Outubro 2023**



## Índice

---

1	Contexto.....	3
2	Obxectivos, actividades/accións, criterios e indicadores de logro.....	3
3	Protocolos.....	4
4	Mobilidades en curso (só a cubrir pola coordinación de Programas Internacionais)...	4
5	Indicadores de proceso.....	4
5.1	Indicadores.....	4
5.2	Medición e análise.....	4

# 1 Contexto

A coordinación de innovación e formación do profesorado ten as seguintes funcións:

- Recoller as necesidades de formación do profesorado e realizar o plan anual de formación do profesorado de cada familia profesional do CIFP. (RO-CIFP, art.36-d).
- Programar, planificar e realizar o seguimento da formación específica para a actualización do profesorado das familias profesionais con representación no CIFP. (RO-CIFP, art.36e).
- Potenciar as accións formativas e a innovación, prioritariamente mediante o uso da aula multimedia en colaboración coa coordinación TIC.
- Potenciar as estadías formativas do profesorado de cada familia profesional nas empresas difundindo a convocatoria anual.
- Difundir entre o profesorado o plan anual de formación de FP e o plan xeral.
- Xestionar e avaliar as accións formativas internas.

Análise interna	Análise externa
<b>Debilidades</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dotación deficiente de recursos para levar a cabo sesións telemáticas de formación.</li> <li>- Elevado número de reunións e burocracia, que dificulta o normal desenvolvemento, tanto das funcións das coordinacións, como do desenvolvemento das formacións do profesorado.</li> <li>- Falta de motivación por parte do profesorado para participar nas formacións derivada do indicado no punto anterior.</li> </ul>	<b>Ameazas</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Incorporación tardía de persoal interino e substituto, que provoca que non se poidan formar os equipos educativos con tempo antes do inicio das clases e, polo tanto, dificulta a detección eficaz de necesidades de formación.</li> <li>- Rotación do profesorado de FP Básica, que xera que non se formen equipos de traballo estables.</li> <li>-Elevado número de profesorado interino e substituto.</li> </ul>
<b>Fortalezas</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dinamizador FP Dual que fai de ponte entre empresas, alumnado e profesorado facilitando a identificación das necesidades de formación do profesorado en relación ás demandas do mercado laboral actual.</li> <li>- Formación interna certificada polo CFR e adaptada ás nosas necesidades.</li> </ul>	<b>Oportunidades</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso da Aula Virtual.</li> <li>- Acreditación do profesorado en competencias dixitais.</li> <li>- Plan Dixital.</li> </ul>

### Accións de mellora recollidas na programación do curso pasado.

- Continuar co desenvolvemento do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) iniciado no curso 2018-19 ampliando as liñas de traballo (5. Comunicación e plurilingüismo).
- Seguir contribuindo á consecución dos obxectivos do Plan Dixital do centro, coordinando e organizando as accións formativas necesarias para a súa implementación.
- Impulsar a innovación aplicada na FP.
- Dotar de máis contido á páxina web co CIFP A Xunqueira con información sobre Innovación e Formación do profesorado.
- Continuar informando e acompañando aos departamentos para que se impliquen na organización da súa propia formación, dando resposta ás necesidades detectadas polo propio profesorado.
- Elaborar un protocolo de comunicación que permita obter información sobre os cursos realizados polo profesorado e a súa certificación.
- Continuar coa avaliación da eficacia das accións formativas.

## 2 Obxectivos, actividades/accións, criterios e indicadores de logro

<b>Obxectivo 1</b>	Continuar co desenvolvemento do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) iniciado en cursos anteriores.		
<b>Indicador asociado</b>	Participación igual ou maior á do curso 2022/2023.		
<b>Valor de partida</b>	<b>Medida</b>	<b>Criterio aceptable</b>	<b>Valor acadado</b> (A cubrir na memoria)
28 participantes según o indicado na memoria do curso 22/23.	Número total de profesorado participante.	Participación igual ou superior á do curso pasado.	<b>Acadado: si/non</b>
<b>Actividade(s) asociada(s)</b>	<p><b>PFPP. Liña: Competencia dixital.</b>  <u>Itinerario:</u> Dixitalización do centro e da comunidade educativa.  <b>Obxectivos:</b>            1. Iniciar a programación en Drupal.            2. Estudiar e, en su caso, analizar melloras de accesibilidade na páxina web corporativa segundo a normativa.            3. Aplicar na aula: Abalar Abalar PRO. Aula Virtual. Follas de cálculo aplicadas á avaliación. Excel e Ageiro.  <b>Actividades:</b>            - Emprego de ferramentas dixitais con Drupal. Grupo de traballo.            - Implementación da accesibilidade en Drupal. Curso.            - As ferramentas dixitais para a capacitación técnica docente. Seminario.</p> <p><b>PFPP. Liña: Competencia en educación inclusiva e coeducación.</b>  <u>Itinerario:</u> Hábitos de vida saudable.  <b>Obxectivo:</b> Coñecer as medidas de actuación ante hemorragias, patoloxía orgánica grave, accidentes, morte súbita e atragoamento. Identificar os factores predispoñentes, nos casos en que os houbese.  <b>Actividades:</b>            - Hábitos de vida saudable con primeiros auxilios e promoción da saúde.            - Soporte vital básico, uso de desfibrilador semiautomático e técnicas de desobstrución da vía aérea.</p> <p><u>Itinerario:</u> Promoción do benestar emocional.  <b>Obxectivos:</b>            1. Valorar as necesidades de apoio emocional do alumnado.            2. Analizar estratexias de xestión emocional.            3. Analizar boas prácticas.  <b>Actividades:</b>            Atención ao benestar emocional no noso centro.</p> <p><u>Itinerario:</u> RRSS e saúde mental.  <b>Obxectivos:</b>            1. Estudo das redes sociais máis usadas entre o noso alumnado e dos seus hábitos de uso.            2. Estudo dos principais usos das redes sociais (comunicación, posicionamento no grupo, vida social, ...)            3. Propoñer medidas de prevención e intervención.  <b>Actividades:</b>            Impacto das redes sociais na saúde mental.</p>		
<b>Persoas responsables de actividades</b>	<p><b>PFPP. Liña: Competencia dixital.</b> Coordinador: Jesús Mujico Martínez.  <b>PFPP. Liña: Competencia en educación inclusiva e coeducación.</b> Itinerario: Hábitos de vida saudable. Coordinador: Hugo López Losada.  <b>PFPP. Liña: Competencia en educación inclusiva e coeducación.</b> Itinerario: Promoción do benestar emocional. Coordinadora: Comba Campoi García.</p>		

<b>Persoas destinatarias</b>	Profesorado do centro.
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso.

<b>Obxectivo 2</b>	Impulsar a innovación aplicada na Formación Profesional.		
<b>Indicador asociado</b>	Difundir información sobre innovación a través de diferentes medios.		
<b>Valor de partida</b>	<b>Medida</b>	<b>Criterio aceptable</b>	<b>Valor acadado</b> (A cubrir na memoria)
Publicación da convocatoria de premios a proxectos de innovación na páxina web do centro e nas RRSS.	Número de publicacións realizadas.	>= 1 publicación	<b>Acadado: si/non</b>
<b>Actividade(s) asociada(s)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promover accións de innovación mediante a información e difusión das distintas convocatorias.</li> <li>- Promover a participación de empresas e institucións nos proxectos de innovación e dixitalización que se desenvolvan no centro.</li> <li>- Dotar á páxina web de contido sobre formación e innovación.</li> </ul>		
<b>Persoas responsables de actividades</b>	Vicedirección, Departamento de Calidade e Coordinación de Innovación e Formación do Profesorado.		
<b>Persoas destinatarias</b>	Comunidade educativa.		
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso.		

<b>Obxectivo 3</b>	Asegurar a calidade no desenvolvemento da formación.		
<b>Indicador asociado</b>	Realízase: SI/NON		
<b>Valor de partida</b>	<b>Medida</b>	<b>Criterio aceptable</b>	<b>Valor acadado</b> (A cubrir na memoria)
Cronograma do curso 2022/2023	Cronograma actualizado	Cronograma das diversas convocatorias	<b>Acadado: si/non</b>
<b>Actividade(s) asociada(s)</b>	- Actualizar o cronograma que reflicte as convocatorias de innovación e formación a disposición do profesorado.		
<b>Persoas responsables de actividades</b>	Coordinación de Innovación e Formación do Profesorado.		
<b>Persoas destinatarias</b>	Todo o profesorado.		
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso.		

<b>Obxectivo 4</b>	Avaliación da eficacia das accións formativas.		
<b>Indicador asociado</b>	Enquisa de avaliación das accións formativas.		
<b>Valor de partida</b>	<b>Medida</b>	<b>Criterio aceptable</b>	<b>Valor acadado</b> (A cubrir na memoria)
55 enquisas recibidas de 66 participantes en accións formativas.	Número de enquisas recibidas.	>=50% de enquisas recibidas	<b>Acadado: si/non</b>
<b>Actividade(s) asociada(s)</b>	- Analizar cuantitativa e cualitativamente as actividades de formación interna realizadas polo profesorado do CIFP.		
<b>Persoas responsables de actividades</b>	Coordinación de Innovación e Formación do Profesorado.		
<b>Persoas destinatarias</b>	Profesorado participante en accións formativas.		
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso.		

### 3 Protocolos

Os recollidos en Educabilidade e nos documentos de calidade do CIFP A Xunqueira.

### 4 Mobilidades en curso (só a cubrir pola coordinación de Programas Internacionais)

Non procede.

### 5 Indicadores de proceso

#### 5.1 Indicadores

Proceso	Procedemento	Indicador	Fórmula	Criterio de Aceptación	Frecuencia de medición	Rexistro
Xestión do persoal	PR71FOR Formación	Grao de satisfacción coa formación realizada polo centro.	Puntuación media nas enquisas de formación interna.	>2,8	Trimestral	Informe de enquisa.

#### 5.2 Medición e análise

Según o procedemento PR71FOR.